

Convenio de Colaboración entre a consellería de Cultura, lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense relativo á utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

A directora xeral de xuventude da Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de xullo de 2025 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude, acollendo na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense a un máximo de cinco (5) deportistas, en réxime de aloxamento e mantenza e gozando dos mesmos servizos que os demais residentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense están interesados en establecer as canles de colaboración necesarias



para a promoción do deporte entre a xuventude, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

- Que a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude está interesada en apoiar e promocionar o deporte entre a xuventude, contando cos medios necesarios para dar aloxamento e manutención aos deportistas, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

